



A FOLLA DA CGT

Núm. 24 - 8 xuño 2020

CGT

Alcoa, Nissan..., a solución: NACIONALIZACIÓN

O domingo celebrouse en Viveiro unha manifestación contra o peche dunha das plantas de Alcoa en San Cibrao. Participaron máis

de 17.000 persoas, algo histórico para A Mariña. Tanto os traballadores como as súas familias e veciños fixeron unha **demonstración de forza** á altura do ataque. A nosa sección sindical participou nesta manifestación e tamén na mobilización do sábado na Coruña dos compañeiros de Alu Ibérica (a antiga Alcoa, vendida en 2019), repartindo en ambas un comunicado de apoio e solidariedade.



cas, cuestionando a propiedade privada capitalista. Isto significa reivindicar a **nacionalización sen indemnización e baixo control obreiro**. A clase obreira é a que produce e, por tanto, a que mellor sabe xestionar a produción. Ademais, hai que esixirlles a estas empresas que devolvan o roubado.

A loita de tódalas empresas ameazadas debe **unificarse** en torno a un plan de mobilización ascendente que prepare unha gran folga de toda a industria do Estado español. Agora son Nissan e Alcoa; detrás irán moitas outras. A primeira medida dese plan debe ser a **ocupación** das instalacións polos traballadores, para evitar o seu desmantelamento.

Alcoa e Nissan queren pechar factorías tras décadas de enriquecerse con subvencións e axudas públicas. Nissan recibiu máis de 180 millóns de euros na última década; Alcoa obtivo máis de 1.000. Para os capitalistas, os traballadores somos un recurso de usar e tirar.

Por iso a alternativa non pode ser nin a venda a outra empresa nin que o Estado a interveña para, unha vez saneada e modernizada, entregarlle a outro capitalista a prezo de saldo.

A defensa deses empregos só é posible cuestionando o dereito dos empresarios a pechar fábricas,

Hai que esixirle ó goberno PSOE-Podemos que as nacionalice inmediatamente. Temos forza para impoñer esta alternativa, como se está a ver nas manifestacións dos compañeiros ou mesmo nas manifestacións antirracistas. Cando os traballadores nos mobilizamos, as revoltas "cayetanas" palidecen: onte na Mariña houbo máis xente que en moitas mobilizacións da dereita en Madrid.

É moito o que está en xogo. Non podemos permanecer pasivos. A loita deses compañeiros debe ser a loita de toda a clase obreira. A **CGT** xa lle propuxo ó resto dos sindicatos do comité estudar medidas de apoio efectivo.

A solidariedade é a forza dos traballadores!

Un positivo en Madrid

O venres, a dirección confirmou un caso de coronavirus en Navantia-Madrid. A pesar da gravidade do feito, a actitude da empresa foi **impresentable**: negouse a trazar un mapa das interrelación persoais do afectado alegando que era imposible.

Tamén afirmou que os que estaban traballando presencialmente o facían voluntariamente. ¿De verdade? Pois que veñan dicilo a Ferrol, onde se obrigou a volver a compañeiros/as que estaban teletraballando ou que son TES.

O comité intercentros ten que deixar de sacar comunicados laiándose e dar dunha vez unha resposta contundente.



Novos ingresos

Tras case 9 meses, a empresa publicou por fin as listas provisorias das prazas de **técnicos superiores júnior**. Estes son os datos:

	Total	Non admitidos			Admitidos
		Falta documentación	Exceso experiencia	Idioma	
Solicitudes	841	299	161	177	204

É dicir, os **admitidos** representan o **24,3%** das solicitudes e os **non admitidos**, o **75,7%**. Como cos operarios e empregados, semellante nivel de exclusión evidencia que Navantia fixo algo **mal**. É necesario corrixir esas eivas.

Tamén anunciou o reinicio desde cero da convocatoria de prazas de técnicos de Prevención e Medio Ambiente, viciada por uns criterios totalmente inxustos.

Pero o aspecto central foron as prazas pendentes de **operarios e empregados júnior**. A empresa propón agora o seguinte:

1) Admitir ó primeiro exame a **tódalas persoas inscritas** na convocatoria.

2) Comprobar se cumpren os requisitos aquelas persoas que **superen** os 28 puntos mínimos que esixen as bases.

3) Facer os **exames on-line**.

Ós dous primeiros puntos non lle vemos maior problema. De feito, nalgúñas oposicións faise así: examínase todo o mundo e despois só se comprobaban os requisitos das persoas que pasarían de fase ou obterían praza; se alguén non cumpre, queda excluído e pasa o seguinte.

Pero a CGT rexeita os exames on-line, por varias razóns:

1) A pandemia acaba de relevar a existencia na sociedade dunha enorme **brecha dixital** dependendo do nivel socioeconómico de cada fogar. A maiores, a cobertura tamén depende de onde vivas (na zona rural é peor).

2) A experiencia coa ferramenta on-line da empresa subcontratada foi **desastrosa**.

3) ¿Como se garante que ninguén teña ó seu carón unha ou máis persoas para axudarlle?

Denuncia en Inspección

O 12 de maio, CIG e **CGT** denunciámos na Inspección os incumprimentos do protocolo. Que se incumpriía quedou claro unha semana despois, cando CCOO, MAS e UGT, que **non** quixeran denunciar, se viron obrigados a convocar un paro técnico.

A Inspección respondeu dicindo simplemente que seguira "as actuacións de comprobación e advertencia" que procedían. ¿Como puido comprobar algo se **non** visitou a factoría?

Esta está sendo a tónica xeral en todo o Estado. **CGT-Metal** envioulle unha carta a Yolanda Díaz pedindo que o Ministerio de Trabajo actuase de inmediato para poñer fin a tal pasividade.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS



Vacacións pendentes e devolución de horas

A **CGT** pediu unha xuntanza da permanente para analizar o tema das vacacións pendentes, que está ligado á devolución de horas. O tempo bótase enriba e o comité debe dicir algo.

O mellor sería abordar estes temas nunha **assemblea xeral**.

A recuperación da actividade **produtiva** debe ir acompañada pola recuperación da actividade **sindical**.

Sobre todo cando a recuperación da actividade produtiva foi aceptada pola maioría do comité.